

3. ANÁLISE INDIVIDUALIZADA XORNAL A XORNAL

As variacións porcentuais de galego entre cabeceiras aparentemente non son moi significativas aínda que, ao seren resultados que se moven en cifras moi pequenas, esas lixeiras oscilacións porcentuais cobran un gran valor porque poden chegar a indicar variacións de máis do 100% entre un periódico e outro. O que dedica unha maior proporción da súa superficie a contidos en lingua galega (sen ter en conta ao *Galicia Hoxe*) é o *Diario de Arousa*, con case o oito por cento (7,72%) e o que menos *El Ideal Gallego* con menos do tres (2,75%).

En orde decrecente, *Diario de Arousa* vai seguido do *Diario de Pontevedra* (7,5%) e *La Región* (6,4%). Por riba da media tamén se sitúan *El Correo Gallego* (5,82%) e *La Voz de Galicia* (5,56%). Lixeiramente por debaixo están o *Diario de Ferrol* (5,08%) e *El Progreso* (5,01%) e xa con menos do catro por cento da súa superficie en galego aparecen o *Faro de Vigo* (3,89%), *Atlántico Diario* (3,76%), *La Opinión* (3,22%).

Os dous xornais con maior proporción de galego nas súas páxinas edítanse na provincia de Pontevedra. Dos que teñen menos, os catro coas máis baixas proporcións de galego nas súas páxinas edítanse nas dúas cidades máis poboadas de Galicia: A Coruña e Vigo.

XORNAL	REDACCIÓN GALEGO	PUBLICIDADE GALEGO	GALEGO
ATLÁNTICO DIARIO	2,50	1,26	3,76
DIARIO DE AROUSA	5,13	2,59	7,72
DIARIO DE FERROL	3,47	1,62	5,09
DIARIO DE PONTEVEDRA	4,67	2,83	7,5
EL CORREO GALLEGO	3,03	2,79	5,82
EL IDEAL GALLEGO	1,66	1,1	2,76
EL PROGRESO	2,32	2,68	5
FARO DE VIGO	1,44	2,45	3,89
GALICIA HOXE	89,23	4,85	94,08
LA OPINIÓN	1,98	1,24	3,22

LA REGIÓN	3,35	3,05	6,4
LA VOZ DE GALICIA	2,62	2,94	5,56
MEDIA , SEN GALICIA HOXE	2,9	2,26	5,15
MEDIA , CON GALICIA HOXE	8,33	2,42	10,75

Táboa Nº 35. Proporción de contidos en galego sobre a superficie total do xornal




Figura Nº 28. Proporción de contidos publicados en lingua galega

Cando se particularizan para ver como está o reparto de espazo entre galego e castelán cada medio, o xornal no que os contidos redaccionais (os textos propios) ocupan a maior proporción do publicado en galego é o *Diario de Ferrol*, cun 68,2%, seguido de *Atlántico Diario* (66,47%) e o *Diario de Arousa*, (66,44%). Nestas cabeceiras dúas de cada tres páxinas publicadas en galego corresponden á superficie redaccional e a outra á publicitaria.

Faro de Vigo (63,18%), *El Progreso* (53,56%) e *La Voz de Galicia* (52,91%) son as tres únicas cabeceiras que teñen máis publicidade que textos

proprios na nosa lingua. Nas restantes, atopase máis galego nas superficies redaccionais, aínda que sen grandes diferenzas con respecto á publicidade. A excepción é *Galicia Hoxe*, no que noventa e cinco de cada cen módulos que publica corresponden a textos propios (94,84%), namentres que a publicidade tan só ocupa o 5,16% da súa superficie total en galego. É moi significativo que os xornais que se editan en castelán teñan máis superficie de publicidade en galego¹ que a única cabeceira galega que elabora os seus contidos nesta lingua.

XORNAL	% REDACCIÓN EN GALEGO DO TOTAL	% PUBLICIDADE EN GALEGO DO TOTAL
	PUBLICADO EN GALEGO	PUBLICADO EN GALEGO
ATLÁNTICO DIARIO	66,47	33,53
DIARIO DE AROUSA	66,44	33,56
DIARIO DE FERROL	68,20	31,80
DIARIO DE PONTEVEDRA	62,28	37,72
EL CORREO GALLEGO	52,02	47,98
EL IDEAL GALLEGO	60,19	39,81
EL PROGRESO	46,44	53,56
FARO DE VIGO	36,82	63,18
GALICIA HOXE	94,84	5,16
LA OPINIÓN	62,97	37,03
LA REGIÓN	52,33	47,67
LA VOZ DE GALICIA	47,09	52,91
MEDIA , SEN GALICIA HOXE	56,21	43,79
MEDIA , CON GALICIA HOXE	77,48	22,52

Táboa Nº 36. Tipoloxía textual dos contidos en lingua galega: publicidade ou textos propios

¹ É preciso ter en conta que non se está a falar de maior ou menos cantidade de publicidade senón de proporcións lingüísticas sobre a moita ou pouca publicidade que insira cada medio.




Figura Nº 29. Tipoloxía textual dos contidos en lingua galega: publicidade ou textos propios

Sen facer distincións entre áreas redaccionais e publicitarias e agrupando as doce cabeceiras analizadas, máis da metade do que se publica en galego está no *Galicia Hoxe*. O resto repártese entre o *Diario de Pontevedra*, cun 6,94% do total, seguido de *Diario de Arousa*, *El Correo Gallego*, *La Región*, *La Voz de Galicia* e *El Progreso*, con máis do catro por cento cada un. Os xornais que menor proporción representan sobre o total son *La Opinión* (co 2,5%) e *El Ideal Gallego* (co 2,09%).

XORNAL	SUPERFICIE EN GALEGO, CON GALICIA HOXE	SUPERFICIE EN GALEGO, SEN GALICIA HOXE
ATLÁNTICO DIARIO	3,05	6,78
DIARIO DE AROUSA	4,85	10,8
DIARIO DE FERROL	3,64	8,11
DIARIO DE PONTEVEDRA	6,94	15,45
EL CORREO GALLEGO	4,81	10,7
EL IDEAL GALLEGO	2,09	4,65
EL PROGRESO	4,34	9,66
FARO DE VIGO	3,3	7,34
GALICIA HOXE	55,07	-
LA OPINIÓN	2,5	5,34
LA REGIÓN	4,81	10,7
LA VOZ DE GALICIA	4,71	10,47

Táboa Nº 37. Superficie de cada medio no total publicado en galego




Figura Nº 30. Superficie de cada medio no total publicado en galego

3.1. ATLÁNTICO DIARIO

O *Atlántico Diario* publica cada día unhas 75 páxinas, das que 72 están en castelán e tres en galego. Da superficie total publicada, 61 páxinas corresponden ao espazo redaccional e catorce á publicidade. De información e opinión case 2 páxinas están en galego e 59 en castelán. De publicidade, menos dunha páxina está en lingua galega e algo máis de trece planas, en castelán.

	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
XORNAL	60,59	13,95	74,54
GALEGO	1,87	0,93	2,80
CASTELÁN	58,72	13,02	71,74

Táboa Nº 38. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

Porcentualmente, os contidos en galego do *Atlántico Diario* móvense en cifras semellantes ás do outro xornal vigués, o *Faro*, e non chegan ao catro por cento (3,76%). Tanto a proporción de espazo publicado en galego nos seus contidos redaccionais (3,07%), coma a aparecida nos publicitarios (9,6%) sitúase por baixo da media das cabeceiras que se publican en Galicia.




Figura Nº 31. Proporción de contidos publicados en lingua galega




Figura Nº 32. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

No *Atlántico Diario* obsérvase unha tendencia de incremento do uso do galego nas fins de semana. O domingo, o espazo ocupado pola nosa lingua representa o 5,79%, unha porcentaxe pequena, xa que queda por debaixo da media do conxunto de cabeceiras galegas nese día, pero que con todo significa un incremento do 50% con respecto ao uso medio do galego durante toda a semana, presente tan só no 3,76% das páxinas.

3.1.1. REDACCIÓN

Máis da metade do espazo redaccional publicado en galego no *Atlántico Diario* corresponde a textos informativos ou de interpretación (o 61,07%). Se lle sumamos o espazo das entrevistas, temos que os xéneros informativo-interpretativos ocupan case tres de cada catro páxinas escritas na nosa lingua. O resto é para opinión, entrevistas, servizos, humor e críticas.

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	61,07
ENTREVISTAS	11,58
OPINIÓN	10,46
SERVICIOS	8,61
HUMOR	5,99
CARTAS	1,22
CRÍTICA	1,07

Táboa Nº 39. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 33. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

Con todo, se acotamos estes datos obtemos unha impresión diferente. A maioría dos textos en galego son informacións, pero estas pezas escritas na nosa lingua só representan o 2,32% de toda a información publicada polo xornal. Nesta lectura, en cambio, gaña protagonismo o humor, xa que un terzo do seu espazo vai en galego. Tamén é destacable o caso das entrevistas en galego, que representan o 14,14% das conversas que como tal publica *Atlántico*, e o das cartas ao director, xa que o 10,16% aparecen escritas na nosa lingua

INFO	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTOPR.
2,32%	14,14%	8,09%	30,9%	10,16%	2,34%	2,36%	0%

Táboa Nº 40. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros

De todo, algo en galego; pero pouco. Política e Cultura son os temas sobre os que *Atlántico Diario* escribe nesta lingua con máis asiduidade, até o punto de que xuntos ocupan máis da metade da superficie redaccional publicada no noso idioma. Tamén as informacións e artigos de Sociedade acadan niveis moi elevados, con case un trinta por cento do total (27,59%) se sumamos os contidos de “saúde”, “educación” ou “ciencia”. A este respecto, cómpre salientar que o xornal publica en galego un gran número de textos sobre saúde ou educación, superiores en ambos os dous casos ao catorce por cento do espazo total ocupado polo noso idioma (14,01%). Finalmente, o resto das temáticas fican moi lonxe do cinco.

	% MÓDULOS
POLÍTICA	27,59
CULTURA	24,04
SOCIEDADE	12,80
AXENDA/SERVICIOS	10,17
EDUCACIÓN	7,98
SAÚDE	6,03
COMUNICACIÓN	2,97
MAR	2,68
DEPORTES	2,53
ECONOMÍA	2,43
CIENCIA	0,78

Táboa Nº 41. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 34. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

Dúas seccións sobresaen especialmente no *Atlántico Diario* por ser espazos de habitual publicación en galego: Local e Comarcas, que suman máis dun 35 por cento entre as dúas. Pola contra, na mostra analizada ao longo de medio ano non apareceu nin un só texto en galego na sección denominada “Galicia”. O galego concéntrase, pois, no que é traballo propio da redacción, agás os temas marítimos, e desaparece das páxinas compartidas con *La Región*.

Tamén conseguen elevadas proporcións a sección de Opinión, con case o dezasete por cento do total (16,72%), e os especiais (13,45%). Finalmente, con porcentaxes inferiores ao dez por cento, pero en todo caso significativas, aparecen Cultura, Sociedade e Comunicación. Mundo, Economía ou Mar apenas publican en galego, e non se atopou ningún contido no noso idioma en “España”.

Toda a superficie en galego está concentrada nas páxinas interiores. O castelán é hexemónico en todo o aspecto externo do xornal: todas as portadas e as contraportadas analizadas están nesta lingua.

	% MÓDULOS
COMARCA	18,34
LOCAL	16,82
OPINIÓN	16,72
ESPECIAIS	13,45
CULTURA	9,98
SOCIEDADE	9,14
COMUNICACIÓN	8,70
MAR	2,93
MUNDO	1,96
SERVICIOS	1,37
ECONOMÍA	0,59
ESPAÑA	0
GALICIA	0
DEPORTES	0
PORTADA	0
CONTRAPORTADA	0
OUTROS	0

Táboa Nº 42. Publicación en galego, por sección, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 35. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

3.1.2. PUBLICIDADE

En *Atlántico Diario* obsérvase a mesma dinámica dos outros xornais: a publicidade en galego está sustentada pola actividade das institucións públicas (Concellos, Xunta, Universidades e “Outras institucións”) que aparecen como contratantes de tres de cada catro módulos dos anuncios en galego (73,51%). O grupo de anunciantes máis habitual é o dos Concellos, cuxa publicidade en galego representa a terceira parte do total (33,37%). Tamén son numerosas as insercións da Xunta, que chegan a ser tres de cada dez (29,16%). Con proporcións moito menores atopamos a “Outras institucións” (Escola Galega de Administración Pública e Deputación de Pontevedra, sobre todo).

Pola súa banda, as empresas privadas quedan tan só no 13,14% do total; as asociacións no 4,52%; os partidos políticos no 4,31%; e coa mesma porcentaxe aparecen as necrolóxicas (unha proporción moi superior á que ocupan nos outros xornais). A Compañía de Radio-Televisión de Galicia, que noutras cabeceiras aparece como un dos maiores anunciantes no noso idioma, non contratou publicidade neste xornal.

	% ESPAZO
CONCELLOS	33,37
XUNTA	29,16
EMPRESAS PRIVADAS	13,14
OUTRAS INSTITUCIÓNS	8,42
ASOCIACIÓNS	4,52
PARTIDOS POLÍTICOS	4,31
ESQUELAS	4,31
UNIVERSIDADES	2,57
OUTROS	0,21
AUTOPROMOCIÓN	0
TVG	0

Táboa Nº 43. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 36. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.2. DIARIO DE AROUSA

Diario de Arousa publica unha media de 58 páxinas cada día, das que só algo máis de catro están en galego. Do total publicado, 48 páxinas corresponden á superficie redaccional e dez a publicidade. Polo que respecta á superficie redaccional, tres páxinas están en galego e 45 en castelán. E en canto á publicidade, páxina e media está en lingua galega e algo máis de oito van en español.

PAXINAS /DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	2,96	1,49	4,46
CASTELÁN	45,08	8,28	53,35
XORNAL	48,04	9,77	57,81

Táboa Nº 44. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

O *Diario de Arousa* é, en termos relativos, a cabeceira galega que máis espazo dedica á nosa lingua na súa superficie, un 7,72%. Os textos propios representan dous terzos do total publicado en galego e, en relación co conxunto do xornal, algo máis do seis por cento do espazo redaccional total (6,17%).

Ademais, quince de cada cen páxinas de publicidade inseridas no periódico están en galego (15,32%). A cifra semella elevada, pero pode resultar enganosa: hai que ter en conta que o *Diario de Arousa* é dos xornais galegos que ten unha menor superficie publicitaria. Isto quere dicir que a publicidade en lingua galega é moita en termos relativos, mais non o é tanto en termos absolutos: en número de módulos publicados.




Figura Nº 37. Proporción de contidos publicados en lingua galega




Figura Nº 38. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

Aínda que o número de medicións realizadas non permite unha análise estatisticamente significativa da evolución do galego en cada día da semana, os datos recollidos no *Diario de Arousa* amosan unha curva moi característica que cómpre comentar, aínda que só sexa a modo de tendencia e non de explicación descritiva: o galego vai aumentando ao longo da semana, dende uns valores moi semellantes aos dos outros medios os luns, martes e mércores (3,71%, 4,81%, e 4,41%) a unha cifra no final da semana moi superior á media. Así, os xoves xa supera en máis de medio punto a media xeral (5,2%, fronte a 4,55%), en máis de dous puntos os venres (6,25%, fronte a 3,9%) e en case catro os sábados (8,7%, fronte a 5%). Verdadeiramente excepcional é o caso dos domingos, nos que a proporción de galego no xornal achégase ao dezaseis por cento (15,93%).




Figura Nº 39. Proporción media de contidos publicados en galego, por día da semana

3.2.1. REDACCIÓN

Case todos os contidos publicados en galego na superficie redaccional son informacións, oito de cada dez módulos (79,49%). Entre os demais xéneros, a opinión ocupa menos do cinco por cento (4,84%), as entrevistas baixan do catro (3,57%) e as cartas só representa un 0,09% de todos os textos na nosa lingua. Finalmente, non se publicaron nin críticas nin humor en galego

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	79,49
SERVIZOS	12,01
OPINIÓN	4,84
ENTREVISTAS	3,57
CARTAS	0,09
CRÍTICA	0
HUMOR	0

Táboa Nº 45. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

Pero non é que se informe moito en galego, senón que a información ocupa a maioría da superficie redaccional. En relación co corpo total do xornal, a información na nosa lingua equivale a un 5,89%, menos do que proporcionalmente se dedica en galego á opinión, aos servizos, ás autopromocións, e ás entrevistas. As facianas doces e amargas do xornal van en castelán: todas as necrolóxicas e as pezas de humor están en español.

INFO	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CARTAS	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTOPR.
5,89%	16,62%	7,22%	0%	0,97%	6,46%	0%	8,77%

Táboa N° 46. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros




Figura N° 40. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

A meirande parte do que *Diario de Arousa* publica en galego son textos sobre temas de carácter social, até case unha de cada catro páxinas (24,98%). Tamén acada unha alta proporción a temática cultural, que supera o vinte por cento (21,38%) e destaca a alta porcentaxe obtida polas noticias sobre educación e ensino, que roza o dez por cento (9,43%). A política protagoniza

máis de trece de cada cen módulos en galego e o mar achégase ao sete por cento (6,76%). A actualidade deportiva e a económica fican lixeiramente por debaixo do cinco.

	% MÓDULOS
SOCIEDADE	24,98
CULTURA	21,38
POLÍTICA	13,43
EDUCACIÓN	9,43
AXENDA/SERVICIOS	8,78
MAR	6,76
SAÚDE	4,28
DEPORTES	4,22
ECONOMÍA	3,75
COMUNICACIÓN	2,89
CIENCIA	0,09

Táboa Nº 47. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 41. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

Estes temas son distribuídos polo xornal preferentemente entre as súas seccións de Sociedade e Galicia, achándose en cada unha delas un terzo de todo o publicado en galego. O terzo restante distribúese entre unha multitude de seccións, aínda que só a de local, cun catorce por cento, e a de axenda/servizos, cun trece, acadan niveis significativos. As seccións de Comarcas e a Contraportada superan igualmente o cinco por cento, mentres que o resto fica moi por debaixo, especialmente Economía, Deportes, Comunicación e Mundo. Finalmente, en España, Opinión e nas novas de portada non se atopou ningún texto en galego.

	% MÓDULOS
SOCIEDADE	36,81
GALICIA	31,73
LOCAL	13,99
SERVIZOS	12,61
CONTRAPORTADA	7,31
COMARCA	7,25
ESPECIAIS	4,73
ECONOMÍA	2,40
COMUNICACIÓN	1,92
MUNDO	0,63
DEPORTES	0,25
ESPAÑA	0
MAR	0
OPINIÓN	0
PORTADA	0
OUTROS	0

Táboa Nº 48. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 42. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

3.2.2. PUBLICIDADE

Os anunciantes que máis publicidade insiren en galego neste xornal son tamén as institucións públicas, con máis de catro de cada dez módulos (41,04%), pero, en comparación con outros periódicos, a iniciativa privada acada cifras moi altas, con tan só seis puntos menos (34,29%).

Dentro das institucións públicas, o anunciante máis habitual é a Xunta, cunha cuarta parte da publicidade total (24,22%), seguida da TVG, con case o catorce por cento (13,83%). Con porcentaxes moito menores fican "Outras institucións", co 1,69% e os Concellos, co 1,30%.

Fóra do ámbito da titularidade pública, destacan os partidos políticos, con algo máis de quince de cada cen módulos (o 15,13%) e, xa moi lonxe, as asociacións, co seis por cento (6,04%), e as autopromocións do propio xornal, por baixo do catro. Finalmente, cómpre salientar que no *Diario de Arousa* as Universidades non publicaron ningún anuncio en galego e tampouco se atopou ningunha necrolóxica no noso idioma.

% SUPERFICIE	
EMPRESAS PRIVADAS	34,29
XUNTA	24,22
PARTIDOS POLÍTICOS	15,13
TVG	13,83
ASOCIACIÓN	6,04
AUTOPROMOS	3,51
OUTRAS INSTITUCIÓN	1,69
CONCELLOS	1,30
OUTROS	0
ESQUELAS	0
UNIVERSIDADES	0

Táboa Nº 49. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 43. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.3. DIARIO DE FERROL

O *Diario de Ferrol* publica cada día case 66 páxinas, das que 62 e media están en castelán e algo máis de tres, en galego. De cada exemplar, 52 páxinas corresponden á superficie redaccional e 14 á publicidade. En canto á redacción, máis de dúas páxinas están en galego por case cincuenta en castelán. E se falamos da superficie publicitaria, só unha páxina vai en lingua galega, mentres que as case trece restantes levan anuncios en castelán.

PÁXINAS/DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	2,28	1,06	3,35
CASTELÁN	49,76	12,79	62,55
XORNAL	52,04	13,85	65,9

Táboa Nº 50. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

O xornal ferrolán publica en galego algo máis de cinco de cada cen módulos (5,08%), unha cifra que se sitúa na media de toda a prensa galega. Porén, é a cabeceira que presenta un maior desequilibro entre os seus contidos redaccionais e publicitarios en lingua galega, pois case sete de cada dez páxinas impresas na nosa lingua corresponden a espazos redaccionais, o que o converte nunha das cabeceiras con maior proporción de textos propios en galego. Pola contra, o *Diario de Ferrol* é dos xornais cunha menor porcentaxe de publicidade en galego: tan só o 7,69%, cando a media dos xornais supera o dez (10,44%).




Figura Nº 44. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

Os seus textos propios en galego non representan máis ca un 4,39% da superficie total dedicada a información e opinión, pero esta cifra é superior á media da prensa do país, que fica o 3,69%.




Figura Nº 45. Proporción de contidos publicados en lingua galega

Na evolución semanal, a tendencia é a concentrar os contidos en galego no domingo, día no que a porcentaxe de lingua galega ascende até o 7,98%. Esta cifra, relativamente alta, contrasta cos datos do día seguinte, luns, nos que o espazo de galego é o menor de toda a semana (2,51%).

3.3.1 REDACCIÓN

Ao igual que na maioría dos xornais galegos, no *Diario de Ferrol* a meirande parte dos textos publicados en galego corresponden a pezas informativas, que ocupan dous terzos do total (66,62%). Aínda que os artigos de

opinión acadan certa importancia e supoñen máis do quince por cento da superficie total (16,53%), a suma de todos os xéneros argumentativos (opinión, cartas, humor...) supera por pouco o vinte por cento (22,92%). Entre os demais contidos, tan só destaca a forte presenza da información de servizo (superior ao dez por cento), moi por riba das entrevistas (1,84%), o humor (2,24%) e as cartas ao director (2,31%).

	% SUPERFICIE
INFORMACIÓN	66,62
OPINIÓN	16,53
SERVIZOS	10,47
CARTAS	2,31
HUMOR	2,24
ENTREVISTAS	1,84
CRÍTICA	0

Táboa Nº 51. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 46. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

A presenza da lingua galega no *Diario de Ferrol* supera a media do conxunto de cabeceiras que se editan en Galicia no que atinxe a xéneros informativos, xéneros de opinión, servizos e cartas e é inferior en autopromocións, necrolóxicas, humor e entrevistas. A información en galego só representa o catro por cento de todas as pezas informativas publicadas polo xornal.

O xénero no que o galego ten unha presenza máis importante é o das cartas ao director, pois case unha de cada tres publícanse na nosa lingua. O dato non deixa de ser sorprendente, xa que é un dos máis elevados da prensa galega, cando a localidade na que se edita o xornal é unhas das cidades de Galicia nas que a porcentaxe de uso de galego é máis baixo e é máis alta a proporción de castelanfalantes e bilingües.

Tamén é significativa a porcentaxe de opinión en lingua galega (14,86%) e mesmo de humor (8,69%). Pola contra, servizos, necrolóxicas, entrevistas e autopromocións, xunto á xa nomeada información, son os xéneros nas que menos aparece o galego.

INFO	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTOPR.
4,01%	5,28%	14,86%	8,69%	28,64%	4,02%	1,79%	5,36%

Táboa Nº 52. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros

Os temas predominantes nos contidos publicados en galego por *Diario de Ferrol* son a política, con tres de cada dez módulos (28,13%), a sociedade, cunha porcentaxe semellante (28,6%) e a cultura, con dous de cada dez páxinas (21,26%). Os servizos superan o dez por cento e a proporción restante repártese entre deportes (5,44%), educación e economía (ambos cun 4,33%).

Non se atopou ningún texto en galego con temática marítima ou pesqueira e tampouco sobre ciencia, como en case todos os xornais.

	% SUPERFICIE
POLÍTICA	28,13
CULTURA	21,26
SOCIEDADE	21,15
AXENDA/SERVIZOS	10,47
DEPORTES	5,44
ECONOMÍA	4,33
EDUCACIÓN	4,33
SAÚDE	3,12
COMUNICACIÓN	1,76
CIENCIA	0
MAR	0

Táboa Nº 53. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 47. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

Os temas elaborados en galego son maioritariamente incluídos polo xornal nas súas seccións de Local (onde se publica máis dun terzo do total) e Galicia,

que supera o vinte por cento (21,08%). O cruce de datos desta dúas últimas lecturas permite ver que son os asuntos relacionados coa dinámica municipal e coas institucións autonómicas os que máis se lles transmiten en galego aos ferroláns.

Tamén destaca a presenza de galego nos temas colocados nas contraportadas, que supoñen o quince por cento do total (15,72%), e nas páxinas de Comarcas, que roldan o dez (10,43%). No resto, só acadan proporcións próximas ao cinco por cento as seccións de Opinión, Servizos e Deportes (habitualmente con porcentaxes máis baixas).

Internacional e Economía apenas publican en galego e España fica en cero, ao igual que Cultura, Sociedade e Mar.

	% MÓDULOS
LOCAL	34,48
GALICIA	21,08
CONTRAPORTADA	15,72
COMARCA	10,47
OPINIÓN	5,21
SERVICIOS	5,14
DEPORTES	3,75
COMUNICACIÓN	2,13
INTERNACIONAL	1,29
ECONOMÍA	0,73
ESPAÑA	0
CULTURA	0
SOCIEDADE	0
MAR	0
PORTADA	0
OUTROS	0
ESPECIAIS	0

Táboa Nº 54. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 48. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

3.3.2. PUBLICIDADE

Os tres anunciantes que máis publicidade contratan en galego no *Diario de Ferrol* son as empresas privadas, os concellos e a TVG, con porcentaxes en torno ao vinte por cento cada un. A publicidade en galego inserida polas institucións públicas representa máis da metade do total (53,68%). Dentro da porcentaxe asignada aos concellos destaca sobremaneira o de Narón, ao que corresponde o 15,23% de toda a publicidade inserida en galego no xornal, e máis do 41% de todos os anuncios publicados na nosa lingua polas entidades locais. A Xunta aparece con porcentaxes moito menores que nos noutros xornais, representando pouco máis do dez por cento (10,15%).

Ao sector privado correspóndelle case unha cuarta parte da publicidade en lingua galega (23,66%). Destaca o centro comercial naronés *Odeón*, co nove por cento de todas as insercións en lingua galega. Ademais, sobresaen as autopromocións (9,07%), os partidos políticos (7,62%) e, xa cunha proporción

moito menor, as asociacións (4,35%). Finalmente, as universidades non publicaron nada en galego no *Diario de Ferrol*.

	% MÓDULOS
EMPRESAS PRIVADAS	23,66
CONCELLOS	23,48
TVG	19,49
XUNTA	10,15
AUTOPROMOS	9,07
PARTIDOS POLÍTICOS	7,62
ASOCIACIÓNS	4,35
ESQUELAS	1,63
OUTRAS INSTITUCIÓN	0,54
OUTROS	0
UNIVERSIDADES	0

Táboa Nº 55. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 49. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.4. DIARIO DE PONTEVEDRA

O *Diario de Pontevedra* é o xornal galego que máis páxinas publica no seu corpo central, unha media de máis de 85 cada día. Nesas 85 páxinas hai unha en galego por cada 13 en castelán: o que significa algo máis de seis planas na nosa lingua. En cada exemplar, 66 páxinas corresponden á superficie redaccional e 19 a publicidade. En canto á redacción, 4 páxinas escíbense en galego e 62 en castelán, e polo que respecta á publicidade, algo máis de dúas páxinas publícanse en lingua galega por 17 en castelán.

PÁXINAS/DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	3,97	2,41	6,38
CASTELÁN	62,04	16,67	78,71
XORNAL	66,01	19,08	85,09

Táboa Nº 56. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

En termos relativos, o galego representa o 7,5% de toda a superficie publicada cada día pola cabeceira pontevedresa, cunha gran proporción de textos propios (62,28% de todo o publicado en lingua galega polo xornal). E é que o 6,02% da superficie redaccional do *Diario de Pontevedra* está en galego, cando a media de todas as cabeceiras é do 3,69%. A proporción de publicidade en galego tamén se sitúa sobre a media, o que coloca ao xornal coma unha das cabeceiras nas que o galego ten unha maior presenza.




Figura Nº 50. Proporción de contidos publicados en lingua galega

O espazo que dedica o *Diario de Pontevedra* á nosa lingua mantense nunha cota regular con lixeiras oscilacións nos distintos días da semana, aínda que sempre por riba da media do conxunto de cabeceiras de Galicia. Nas fins de semana, as cifras crecen até representar o 10,55 por cento do total do xornal os domingos.

3.4.1. REDACCIÓN

Ao igual que ocorre en *El Ideal Gallego* e no *Diario de Arousa*, no *Diario de Pontevedra* a información case monopoliza a superficie redaccional na nosa lingua, representando oito de cada dez módulos (79,25%). Con proporcións moito menores, o espazo restante está maioritariamente ocupado por textos de opinión e por entrevistas. Finalmente, os servizos (2,75%) e as cartas (1,87%) teñen unha presenza case que testemuñal. Aínda que pode ser tan só un exemplo illado, o *Diario de Pontevedra* é o único xornal no que se atopou un infográfico en galego.

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	79,25
OPINIÓN	8,24
ENTREVISTAS	7,11
SERVICIOS	2,75
CARTAS	1,87
INFOGRAFÍA	0,78
HUMOR	0
CRÍTICA	0

Táboa Nº 57. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura N° 51. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

O *Diario de Pontevedra* rexistra altos índices de uso do galego en información (seis de cada cen módulos ocupados por este xénero), e entrevistas (16,54%), mentres que o galego aparece rara vez en servizos e humor. En liña coa súa estratexia lingüística, non só é das cabeceiras que máis textos informativos insire en galego, senón que é dos que máis acode a esta lingua para falar de si mesmo, até o punto de que o corenta por cento das autopromocións do xornal publícanse en galego.

INFO	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTPR.
5,68%	16,54%	11,96%	0%	10,9%	1,89%	2,8%	39,06%

Táboa N° 58. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros

O emprego da lingua galega no *Diario de Pontevedra* está acusadamente centrado nos textos vencellados a temas de Cultura, que concentran máis dun terzo da superficie redaccional total na nosa lingua. A certa distancia colócanse as temáticas de “sociedade, ciencia e educación” (27,06%) e política (22,09%). Por último, xa lonxe, aparecen o resto das temáticas, encabezadas por deportes, pero ningunha delas supera o cinco por cento.

	% MÓDULOS
CULTURA	36,93
POLÍTICA	22,09
SOCIEDADE	21,67
DEPORTES	4,36
AXENDA/SERVICIOS	3,88
CIENCIA	3
COMUNICACIÓN	2,61
EDUCACIÓN	2,40
ECONOMÍA	2,38
SAÚDE	0,69
MAR	0

Táboa Nº 59. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 52. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

As informacións en galego teñen unha marcada temática cultural, como dixemos, e do mesmo xeito son presentadas na sección de Cultura. Este apartado do xornal aglutina máis dun terzo do espazo ocupado por todos os textos redactados en galego (35,36%).

Mentres, as páxinas de Comarcas aportan o vinte por cento dos módulos en galego (19,27%) e as contraportadas e a sección de Opinión achéganse ao dez por cento cada unha (9,14 e 8,1%, respectivamente). Polo demais, só

Galicia e Local (6 e 6,12%) superan o cinco por cento, quedando por debaixo Sociedade, Economía e Deportes.

Emprégase exclusivamente o castelán en Mundo e en España, e do mesmo xeito só se recorre ao español para escribir as novas máis destacadas, coas que se elabora a portada do xornal.

	% MÓDULOS
CULTURA	35,36
COMARCA	19,27
CONTRAPORTADA	9,14
OPINIÓN	8,10
LOCAL	6,12
GALICIA	6
SERVICIOS	4,29
DEPORTES	3,83
SOCIEDADE	2,77
COMUNICACIÓN	2,58
ECONOMÍA	2,35
MAR	0,18
INTERNACIONAL	0
ESPAÑA	0
PORTADA	0
OUTROS	0
ESPECIAIS	0

Táboa Nº 60. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 53. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

3.4.2. PUBLICIDADE

O máis destacado da análise da publicidade en galego do *Diario de Pontevedra* é a altísima proporción das autopromocións do propio xornal, que chegan a significar máis dun terzo do total de publicidade en galego (35,72%). Como mostra, baste dicir que a suma das insercións publicitarias en galego contratadas por todas as institucións públicas (concellos, TVG, Xunta, Universidades e outras) representa catro de cada dez módulos do total (40,94%), tan só un cinco por cento máis que as autopromocións do xornal.

Dentro da publicidade de orixe pública, destaca a Xunta (16,8% do total), cunha superficie contratada que iguala á suma de todas as empresas privadas que se anuncian en galego. Con proporcións importantes, asemade, próximas ao dez por cento, atopamos á TVG (9,98%) e aos Concellos (9,71%).

O conxunto das empresas privadas fica no 16,44%, encabezadas polo centro comercial *A Barca* (próximo ao catro por cento), Caixanova (tres e medio por cento) e Caixa Galicia (tres por cento).

	% MÓDULOS
AUTOPROMOS	35,72
XUNTA	16,80
EMPRESAS PRIVADAS	16,44
TVG	9,98
CONCELLOS	9,71
PARTIDOS POLÍTICOS	5,88
OUTRAS INSTITUCIÓN	3,48
ESQUELAS	1,16
UNIVERSIDADES	0,98
OUTROS	0,15
ASOCIACIÓN	0

Táboa Nº 61. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 54. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.5. EL CORREO GALLEGO

El Correo Gallego publica cada día unha media de 76 páxinas no seu corpo central, das que só catro e media están en lingua galega (4,42). Desas 76 páxinas, 62 corresponden á superficie redaccional e 14 á publicitaria. Ao galego correspóndenlle dúas paxinas de publicidade e dúas de textos propios.

PAXINAS /DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	2,29	2,12	4,41
CASTELÁN	59,33	12,22	71,55
XORNAL	61,62	14,34	75,96

Táboa Nº 62. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

En termos absolutos, as superficies de publicidade e textos redaccionais publicadas por *El Correo Gallego* son case parellas e entre as dúas ocupan o 5,82% das páxinas do xornal. Os anuncios na nosa lingua representan o 14,76% da superficie publicitaria do xornal, namentres que a presenza de galego na superficie redaccional fica no 3,73%, case catro veces menos.




Figura Nº 55. Proporción de contidos publicados en lingua galega sobre as superficies redaccional, publicitaria e total.




Figura Nº 56. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

A evolución diaria da presenza de contidos en galego ofrece en *El Correo Gallego* unha curva peculiar, xa que se observan as cotas de maior incidencia nos días centrais cun descenso na fin de semana e máis nos luns, cando o habitual no resto de cabeceiras é que o incremento sexa notorio no sábado e no domingo.




Figura Nº 57. Proporción media de contidos publicados en galego, por día da semana

3.5.1. REDACCIÓN

Os xéneros nos que *El Correo Gallego* usa máis o galego son o humor, as autopromocións (superan ambos o vintecinco por cento), e a opinión, que rolda

o quince. Tamén é alto o uso que se fai nas necrolóxicas. En cambio, nos xéneros informativos e nos servizos o uso que fai o xornal compostelán é modesto.

INFO	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTOPR.
2,91%	5,46%	14,64%	25%	0%	1,74%	4,78%	28,5%

Táboa Nº 63. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros

El Correo Gallego dedícalle máis do sesenta por cento do seu espazo redaccional en galego aos xéneros informativos e interpretativos. Aínda que a importancia dos xéneros argumentativos é superior á doutras cabeceiras, a superficie dedicada á opinión fica na metade (30,17%). Xa con porcentaxes moito menores atópanse os servizos (5,44%) e máis o humor (1,71%).

É significativo que na mostra estudada non se atopara ningunha participación en galego dos lectores, en seccións dedicadas a eles, coma as cartas ao director. Sobre todo tendo en conta que *El Correo Gallego* é o cuarto xornal en porcentaxe de galego nas súas páxinas (5,82%).

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	59,22
OPINIÓN	30,17
ENTREVISTAS	3,46
SERVIZOS	5,44
HUMOR	1,71
CARTAS	0
CRÍTICA	0

Táboa Nº 64. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 58. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

El Correo Gallego reserva maioritariamente o emprego do galego para as noticias con temática cultural (38,49%) e para as vencelladas aos medios de comunicación, principalmente a TVG (25,01%). Entre ambas as dúas ocupan máis de seis de cada dez páxinas publicadas na nosa lingua. As catro restantes dedícanse sobre todo a temas de sociedade (16,23%) e política (10,14%). En comparación con outros medios, o galego consegue bos resultados nos asuntos de economía, cuxa proporción sobre o total supera o seis por cento. Pola contra, o seu uso para informar de temas referentes á saúde, á ciencia ou á educación é mínimo, xa que apenas sobrepasa o 1 por cento en cada unha delas. Finalmente, en deportes o uso é pouco máis que simbólico (0,39%).

	% MÓDULOS
CULTURA	38,49
COMUNICACIÓN	25,01
SOCIEDADE	10,87
POLÍTICA	10,14
ECONOMÍA	6,25
AXENDA/SERVIZOS	3,50

CIENCIA	1,86
EDUCACIÓN	1,83
SAÚDE	1,63
DEPORTES	0,39
MAR	0

Táboa Nº 65. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 59. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

Atendendo aos rótulos empregados polo xornal para ordenar os seus contidos, o galego concéntrase en moi poucas seccións: Cultura ocupa tres de cada dez módulos (29,79%), Comunicación e Opinión, unha cuarta parte cada unha (28,54% e 23,73%) e Galicia representa case o trece por cento (12,89%). Nesas catro seccións aglutínase máis do 90% do escrito na nosa lingua. O resto divídese nun tres por cento para Comarcas e unhas décimas para Sociedade ou Economía. Case nada en Local e nada en Mundo, España, Deportes, Internacional, Mar ou Servizos. E tampouco na portada nin na contraportada.

	% MÓDULOS
CULTURA	29,79
COMUNICACIÓN	28,54
OPINIÓN	23,73
GALICIA	12,89
COMARCA	3,34
ECONOMÍA	0,78
SOCIEDADE	0,62
LOCAL	0,31
INTERNACIONAL	0
ESPAÑA	0
DEPORTES	0
MAR	0
PORTADA	0
CONTRAPORTADA	0
SERVICIOS	0
OUTROS	0
ESPECIAIS	0

Táboa Nº 66. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 60. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

3.5.2. PUBLICIDADE

En *El Correo* a publicidade en galego está bastante repartida entre seis bloques de anunciantes. En todo caso, se sumamos toda a publicidade con orixe en organismos ou institucións de titularidade pública, esta agrupación representa máis da metade do total inserido en galego (o 51,79%). Destaca a Xunta (16,94%), seguida dos concellos (10,32), e a CRTVG (9,59). Dentro dos concellos, hai que salientar a contratación feita por Santiago de Compostela, que representa o 10,20% do total, é dicir a práctica totalidade do pagado polas corporacións locais.

As empresas privadas representan case dous de cada dez módulos do publicado en galego (17,43%), encabezadas por *Área Central* (case o cinco por cento) e Caixa Galicia, ao redor do catro. Os partidos políticos, que fican no 15,66%, e as asociacións e fundacións (9,29%) ocupan algo menos cá iniciativa privada. Con proporcións moito menores (inferiores ao cinco por cento) atopamos as necrolóxicas (2,49%), as autopromocións (3,34%) e as universidades (4,07%).

	% MÓDULOS
EMPRESAS PRIVADAS	17,43
XUNTA	16,94
PARTIDOS POLÍTICOS	15,66
OUTRAS INSTITUCIÓNS	10,87
CONCELLOS	10,32
TVG	9,59
ASOCIACIÓNS	9,29
UNIVERSIDADES	4,07
AUTOPROMOS	3,34
ESQUELAS	2,49
OUTROS	0

Táboa Nº 67. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 61. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.6. EL IDEAL GALLEGO

El Ideal Gallego publica cada día 70 páxinas, das que 68 están en castelán e 2 en galego. Asemade, deste espazo total, 53 corresponden á superficie redaccional e 17 á publicitaria. En canto á redacción, só unha páxina está en galego e máis de 51 en castelán. Na superficie publicitaria, o galego ocupa menos dunha plana, mentres que as restantes 16 están en castelán.

PÁXINAS/DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	1,15	0,76	1,91
CASTELÁN	51,15	16,74	67,89
XORNAL	52,3	17,5	69,8

Táboa Nº 68. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

El Ideal Gallego é o xornal no que se emprega menos a nosa lingua, presente só no 2,75% dos seus módulos. Por exemplo, as insercións en galego non representan máis que o 4,45% da superficie publicitaria total, menos da metade da media da prensa do país. E a parte redaccional non sae moito mellor parada, pois os textos na nosa lingua significan só o 2,2% do total, unha cifra que só supera á do *Faro de Vigo*.




Figura Nº 62. Proporción de contidos publicados en lingua galega




Figura Nº 63. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

A proporción de galego presente en *El Ideal* destaca pola súa regularidade en cada un dos días da semana, xa que en ningún deles chega ao catro por cento, e en todos os casos o nivel de uso fica moi lonxe da media, mesmo nas fins de semana ou nos domingos, que no resto das cabeceiras de Galicia reflicten unha suba notoria.




Figura Nº 64. Proporción media de contidos publicados en galego, por día da semana

3.6.1. REDACCIÓN

Practicamente todo o que se publica en galego en El Ideal corresponde a información de actualidade ou de servizo e as pezas de información representan por si soas máis do oitenta por cento (84,35%) do espazo redaccional publicado na nosa lingua. Pola contra, non se atopan entrevistas nin espazos de humor escritos en galego, e mesmo a presenza de opinión (0,78%) e das cartas ao director (0,70%) é case simbólica. Fóra das noticias, tan só os servizos acadan unha porcentaxe significativa, rozando o quince por cento do total (14,16%).

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	84,35
SERVIZOS	14,16
OPINIÓN	0,78
CARTAS	0,70
ENTREVISTAS	0
HUMOR	0
CRÍTICA	0

Táboa Nº 69. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 65. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

Malia que a presenza de galego en *El Ideal* é baixa, o emprego que fai desta lingua nos xéneros informativos e nos servizos é superior a de varios outros xornais. Pola contra, a presenza do noso idioma en humor, cartas, opinión e entrevistas é case inexistente.

INFO.	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTOPR.
2,39%	0%	0,3%	0%	3,33%	2,42%	0%	13,16%

Táboa Nº 70. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros

As informacións transmitidas na nosa lingua por *El Ideal Gallego* corresponden maioritariamente a temáticas políticas (un de cada catro módulos, o 24,02%), seguidas dos asuntos económicos e culturais. Neste xornal hai asemade unha forte presenza de asuntos de saúde escritos en lingua galega (11,27%).

	% MÓDULOS
POLÍTICA	24,02
SOCIEDADE	19,64
ECONOMÍA	17,92
AXENDA/SERVIZOS	11,82
CULTURA	11,58
SAÚDE	11,27
COMUNICACIÓN	3,76
DEPORTES	0
CIENCIA	0
EDUCACIÓN	0
MAR	0

Táboa Nº 71. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 66. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

O xornal coruñés ubica principalmente as súas informacións en galego na súa sección Galicia (64,71%), que case monopoliza a presenza do noso idioma na superficie redaccional. Entre o resto, só destaca Economía, co trece por cento (12,99%) e algo Sociedade, Servizos, Local e Comunicación, con porcentaxes entre o catro e o sete por cento. Mentres, nas xornadas estudadas non se atopou ningún contido en galego en Deportes, Comarcas, Mundo ou España.

	% MÓDULOS
GALICIA	64,71
ECONOMÍA	12,99
SERVICIOS	7,04
SOCIEDADE	6,03
LOCAL	4,62
COMUNICACIÓN	4,62
INTERNACIONAL	0
ESPAÑA	0
COMARCA	0
CULTURA	0

DEPORTES	0
MAR	0
OPINIÓN	0
PORTADA	0
CONTRAPORTADA	0
OUTROS	0
ESPECIAIS	0

Táboa Nº 72. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 67. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

3.6.2. PUBLICIDADE

En *El Ideal*, dúas terceiras partes da publicidade en galego (o 66,24%) corresponden ás institucións públicas (concellos, Xunta, universidades, TVG e outras). O principal anunciante na nosa lingua é a Xunta, con case tres de cada dez módulos (27,20%), seguida pola TVG, con case o vinte por cento (18,51%) e polos concellos, que superan o dez (11,47%).

Entre os demais anunciante, destaca a proporción relativamente alta de autopromocións na nosa lingua (alta, en comparación co resto do xornal), que bordea o catorce por cento do total (13,94%). Esta actitude non deixa de sorprenden: unha estratexia lingüística definida por desestimar o galego como soporte informativo e por recorrer a el para realizar os anuncios cos que o propio xornal busca a complicidade ou a fidelidade da audiencia. E é que a proporción que representan as autopromocións é superior ao total das insercións en galego das empresas privadas (13,67%), entre as que só destaca Caixa Galicia, a empresa que máis publicidade contratou no noso idioma (10,88% do total). Polo demais, cómpre salientar que en El Ideal non hai ningunha necrolóxica publicada en galego e que a universidade só contratou oito módulos na mostraxe estudada.

	% MÓDULOS
XUNTA	27,20
TVG	18,55
AUTOPROMOS	13,95
EMPRESAS PRIVADAS	13,67
CONCELLOS	11,72
OUTRAS INSTITUCIÓNS	7,67
ASOCIACIÓNS	3,63
PARTIDOS POLÍTICOS	2,23
UNIVERSIDADES	1,12
OUTROS	0,28
ESQUELAS	0

Táboa Nº 73. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 68. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.7. EL PROGRESO

El Progreso publica cada día 80 páxinas no seu corpo central, das que 76 están en castelán e catro en galego. Do total publicado, 59 páxinas corresponden á superficie redaccional e 21 a publicidade. Da redacción, dúas páxinas están en galego e as restantes 57 en castelán; da publicidade, dúas páxinas edítanse na nosa lingua fronte a 19 en castelán.

PÁXINAS/DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	1,85	2,13	3,98
CASTELÁN	56,62	19,11	75,73
XORNAL	58,47	21,24	79,71

Táboa Nº 74. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

El Progreso é o xornal galego con máis superficie publicitaria, un 27,92%, un sete por cento por riba da media do conxunto de periódicos do noso país. Nesta superficie o espazo dedicado ao galego é tamén importante, e representa un 10,06% de todas as páxinas de publicidade. Non ocorre o mesmo coa superficie redaccional, na que o galego apenas supera o tres por cento (3,17%), polo que a cifra global de presenza da nosa lingua fica nun 5,01% e sitúa a *El Progreso* por debaixo da media do conxunto de xornais.




Figura Nº 69. Proporción de contidos publicados en lingua galega




Figura Nº 70. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

A tendencia de emprego da lingua galega, lixeiramente por debaixo da media de luns a venres, invértese nas fins de semana, cando supera o seis por cento.




Figura Nº 71. Proporción media de contidos publicados en galego, por día da semana

3.7.1 REDACCIÓN

El Progreso dedícalle á información máis de dous terzos do seu espazo redaccional publicado en galego (67,41%). A proporción restante está moi

repartida, cun 16,8% para a opinión, un 6,6% para as entrevistas, algo máis de cinco por cento para as cartas ao director (5,21%) e algo menos de catro para os servizos (3,97%).

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	67,41
OPINIÓN	16,82
ENTREVISTAS	6,60
CARTAS	5,21
SERVIZOS	3,97
HUMOR	0
CRÍTICA	0

Táboa Nº 75. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 72. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

El Progreso publica en galego a metade das súas autopromocións e a terceira parte das súas cartas ao director. Ao igual que noutras cabeceiras, conséntase que os lectores empregan o galego para dirixirse ao xornal en maior medida do que o usa o periódico para dirixirse a eles. Porén, nos restantes xéneros, a utilización que fai da nosa lingua fica por baixo da media, sobre todo na información de servizos.

INFO	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTOP.
2,65%	7,15%	10,32%	0%	29,91%	1,13%	2,11%	46,34%

Táboa Nº 76. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros

El Progreso ten bastante repartidos os seus contidos en galego e a nosa lingua ten unha certa presenza en case todas as seccións. Destacan Cultura e Opinión, con case o vinte por cento (17,21 e 17,26%); algo menos teñen Sociedade ou Comarcas (entre trece e catorce) e un pouco máis abaixo aparecen Galicia, Local ou Deportes, que roldan todos o dez por cento. O galego tamén aparece, aínda que pouco, en Comunicación, Servizos ou Especiais e só non ten presenza en España ou Mundo. Hai que salientar que *El Progreso* é o único xornal, xunto con *La Región*, no que o galego aparece na súa portada (iso si, minimamente), representando o 0,84% da superficie total publicada no noso idioma.

	% MÓDULOS
OPINIÓN	17,26
CULTURA	17,21
SOCIEDADE	14,38
COMARCA	13,19
GALICIA	10,42
LOCAL	8,63
DEPORTES	7,69
ESPECIAIS	4,46
SERVIZOS	2,38
COMUNICACIÓN	1,88
OUTROS	1,64
PORTADA	0,84

Táboa Nº 77. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 73. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

A temática social predomina entre os contidos publicados en galego por *El Progreso*, ao sumar case o corenta por cento do total (37,55%). Tamén acadan porcentaxes moi altas os textos con contidos culturais (22,47%) e políticos (21,33%). Ademais, destaca a forte presenza de pezas deportivas (case o nove por cento) e as relacionadas coa educación (10,02%).

	% MÓDULOS
SOCIEDADE	22,57
CULTURA	22,47
POLÍTICA	21,33
EDUCACIÓN	10,02
DEPORTES	8,53
SAÚDE	5,16
COMUNICACIÓN	4,32
AXENDA/SERVIZOS	2,98
ECONOMÍA	2,63
CIENCIA	0
MAR	0

Táboa Nº 78. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 74. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

3.7.2. PUBLICIDADE

En *El Progreso* sorprende, igual que no *Diario de Pontevedra*, a alta proporción de autopromocións en galego, que representan case un terzo (32,19%) de toda a publicidade inserida na nosa lingua. A nivel global, este dato só é superado pola porcentaxe conxunta de todas as institucións públicas, que representan case a metade do total, o 47,14%.

Delimitando os datos, a Xunta contrata o 21,74% do total de publicidade en galego, e os concellos o 11,03% (sobre todo o propio consistorio lucense), case o mesmo que a TVG (o 10,71%). A presenza de publicidade de universidades ou doutras institucións públicas é moi baixa, agás as insercións da Deputación de Lugo.

En canto aos anunciantes privados, as empresas contratan un de cada dez módulos da publicidade que vai en galego (o 12,54%), os partidos políticos e asociacións móvense sobre o tres por cento (3,13% e 3,66%) e as necrolóxicas superan por pouco o un.

	% MÓDULOS
AUTOPROMOS	32,19
XUNTA	21,74
EMPRESAS PRIVADAS	12,54
CONCELLOS	11,03
TVG	10,71
ASOCIACIÓN S	3,66
PARTIDOS POLÍTICOS	3,13
OUTRAS INSTITUCIÓN S	2,63
ESQUELAS	1,34
UNIVERSIDADES	1,03

Táboa Nº 79. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 75. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.8. FARO DE VIGO

En termos visuais, o *Faro de Vigo* publica cada día case 78 páxinas no seu corpo central, das que 75 están en castelán e tres en galego. Do total publicado, 59 planas corresponden á superficie redaccional e 19 a publicidade. Das 59 de redacción, só unha páxina vai en galego; das 19 de publicidade, en galego hai dúas.

PAXINAS /DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	1,12	1,91	3,03
CASTELÁN	58,06	16,72	74,78
XORNAL	59,18	18,63	77,81

Táboa Nº 80. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

O que máis sorprende no *Faro de Vigo* é a elevada proporción da superficie publicitaria dentro do escaso espazo publicado en galego: case dúas de cada tres páxinas que publica na nosa lingua corresponden a publicidade (63,18%). E así, mentres só redacta en galego o 1,9% dos seus textos (a proporción máis baixa de todos os xornais), publica na lingua de Galicia un de cada dez módulos de publicidade (10,25%¹).




Figura Nº 76. Proporción de contidos publicados en lingua galega, sobre o total de cada superficie.




Figura Nº 77. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

Nos días analizados apréciase na superficie de galego unha tendencia á baixa a medida que avanza a semana, cunha notable recuperación os sábados que, con todo, non se mantén no día seguinte, o que sitúa ao xornal como a cabeceira que menos espazo en galego insire os domingos (2,9%), día no que se conseguen as maiores cifras de lectores.




Figura Nº 78. Proporción media de contidos publicados en galego, por día da semana

3.8.1 REDACCIÓN

Máis da metade do pouco espazo que *Faro de Vigo* dedica ao galego na súa superficie redaccional corresponde a textos de información (58,11%), mentres que os restantes xéneros acadan proporcións moito menores: a opinión chega até o catorce por cento (13,88%), o humor roza o trece (12,67%) e as cartas o doce (11,70%). Finalmente, non se atopou ningunha entrevista en galego.

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	58,11
OPINIÓN	13,88
HUMOR	12,67
CARTAS	11,70
SERVIZOS	3,63
ENTREVISTAS	0
CRÍTICA	0

Táboa Nº 81. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 79. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

É significativo que máis dun terzo (36,24%) de todo o espazo publicado en galego na superficie redaccional estea concentrado en páxinas “especiais”, o que reduce aínda máis a presenza da nosa lingua na paxinación habitual deste xornal. Dos dous terzos restantes un pertence á sección de Opinión e o restante distribúese entre Comunicación e Sociedade (dez por cento cada unha), Local (algo máis de sete por cen) e Comarcas, con tan só dous por cento. No resto das seccións a mostraxe non atopou textos en galego.

	% MÓDULOS
ESPECIAIS	36,24
OPINIÓN	31,40
COMUNICACIÓN	12,27
SOCIEDADE	10,41
LOCAL	7,26
COMARCA	2,42
MUNDO	0
ESPAÑA	0
GALICIA	0
CULTURA	0
ECONOMÍA	0
DEPORTES	0
MAR	0
PORTADA	0
CONTRAPORTADA	0
SERVICIOS	0
OUTROS	0

Táboa Nº 82. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 80. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

En canto á temática, independentemente de onde os coloque *Faro de Vigo*, sobresaen os asuntos de índole social, que ocupan o corenta por cento (40,68%) da superficie total publicada na nosa lingua. As informacións políticas superan o trinta por cento e as culturais rozan o catorce (13,72%). Tamén é especialmente alta a proporción de noticias sobre saúde, que superan por si soas o dezaseis por cento. Entre as restantes temáticas, o galego acada niveis altos só na de comunicación, que aporta case o nove por cento do total (8,64%).

	% MÓDULOS
POLÍTICA	31,40
SOCIEDADE	24,46
SAÚDE	16,14
CULTURA	13,72
COMUNICACIÓN	8,64
AXENDA/SERVIZOS	3,63
ECONOMÍA	1,13
DEPORTES	0,81

EDUCACIÓN	0,08
CIENCIA	0
MAR	0

Táboa Nº 83. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 81. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

O emprego real da nosa lingua en *Faro de Vigo* vese con maior claridade cando se relativizan os datos. Daquela obsérvase que a opinión en galego só representa o cinco por cento de toda a opinión publicada polo xornal, ou que case noventa e nove de cada cen páxinas dedicadas á información están en español. Por outro lado, tamén é elevada a porcentaxe de humor na nosa lingua: un 21,1 % do total.

Por último, os datos reflicten que os lectores usan máis o galego para comunicarse co periódico (dúas de cada dez cartas ao director están nesta lingua) que o propio xornal para dirixirse á súa audiencia.

INFO	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTOPR.
1,39%	0%	5,39%	21,1%	19,29%	0,68%	0,96%	6,15%

Táboa Nº 84. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros

3.8.2. PUBLICIDADE

No *Faro de Vigo* o principal bloque de publicidade en galego é o das institucións públicas, que suman máis da metade dos módulos totais (55,21%). Sobresaen os concellos (18,21% do total), nomeadamente o Concello de Vigo, que contratou máis de quince de cada cen módulos de publicidade en galego (15,38%). A continuación, atopamos á Xunta (16,15%) e á TVG, cunha porcentaxe semellante (14,45%). E a moita distancia, “outras institucións” (4,23%) e as universidades (2,06%).

As empresas privadas, pola súa banda, representan case a cuarta parte (22,96%). O motor do galego é neste caso Caixanova, con case o sete por cento do total, e a Zona Franca, co seis. Fóra do ámbito público, ademais das empresas destacan as asociacións, con un de cada dez módulos (9,8%) e os partidos, con cinco de cada cen (4,9%), encabezados polo BNG.

	% MÓDULOS
EMPRESAS PRIVADAS	22,96
CONCELLOS	18,21
XUNTA	16,15
TVG	14,45
ASOCIACIÓNS	9,80
AUTOPROMOS	6,35
PARTIDOS POLÍTICOS	4,90
OUTRAS INSTITUCIÓNS	4,23
UNIVERSIDADES	2,06
ESQUELAS	0,88
OUTROS	0

Táboa Nº 85. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 82. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.9. LA OPINIÓN DE A CORUÑA

La Opinión publica cada día algo máis de 68 páxinas, das que 66 están en castelán e algo máis de dúas en galego. Asemade, das 68 planas, 61 corresponden á superficie redaccional e sete e media a publicidade. En canto á redacción, unha páxina e media está en galego e 59 e media en castelán. E na publicidade, menos dunha páxina está en lingua galega e case sete en castelán.

PÁXINAS/DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	1,35	0,85	2,2
CASTELÁN	59,45	6,69	66,14
XORNAL	60,8	7,54	68,34

Táboa Nº 86. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

La Opinión é das cabeceiras que menos espazo dedica á lingua galega, xa que só publica o 3,22% das súas páxinas no noso idioma, unha cifra que só supera á doutro xornal coruñés, *El Ideal Gallego*. En canto á superficie redaccional, o galego publicado polo xornal non pasa do 2,23%. En cambio, *La Opinión* acada mellores resultados na proporción de publicidade no noso idioma, xa que o seu 11,27% se sitúa na media.

En realidade, non é que teña moitos anuncios na nosa lingua, senón que ten pouca publicidade en xeral, polo que a proporción de galego crece. De feito, dúas de cada tres páxinas en galego corresponden á textos propios. Ou expresado de outra maneira, en galego hai o dobre de espazo redaccional que publicitario.




Figura Nº 83. Proporción de contidos publicados en lingua galega




Figura Nº 84. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

A proporción de galego publicada en *La Opinión de A Coruña* mantense por baixo da media da prensa galega nos sete días da semana, aínda que mantén as tendencias xerais, cun claro ascenso nas fins de semana, sobre todo os domingos, nos que o galego chega a acadar case un seis por cento (5,62%) da superficie total.




Figura Nº 85. Proporción media de contidos publicados en galego, por día da semana

3.9.1. REDACCIÓN

La Opinión, xunto con outro xornal coruñés (*La Voz de Galicia*), é das cabeceiras nas que a información ocupa un papel menos importante entre o espazo redaccional publicado en galego. No caso de *La Opinión*, non chega ao cincuenta por cento (45,9%). En cambio, a proporción que ocupa a opinión é bastante alta e roza o trinta (27,54%). Tamén é moi importante o espazo que representan as entrevistas, superior ao dezasete por cento (17,11%) e as cartas ao director, próximas ao sete (6,82%). Finalmente, os servizos fican por debaixo do tres (2,64%) e non se atopou ningún contido humorístico ou crítica en galego.

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	45,90
OPINIÓN	27,54
ENTREVISTAS	17,11
CARTAS	6,82
SERVIZOS	2,64
HUMOR	0
CRÍTICA	0

Táboa Nº 87. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 86. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

Cómpre salientar a frecuencia con que se emprega o galego nas cartas ao director, xa que unha cuarta parte delas se publica na nosa lingua. O dato é especialmente significativo se temos en conta a escasa proporción de galegofalantes na cidade da Coruña (dos máis baixos de Galicia) e o escaso uso que o xornal fai do galego, sobre todo o baixo nivel acadado nas informacións (1,27%), as autopromocións (5,38%) e os servizos (0,45%).

INFORM.	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	AUTOPR.
1,27%	9,61%	11,87%	0%	24,5%	0,45%	5,38%

Táboa Nº 88. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros

Por seccións, no xornal coruñés sobresaee a de Opinión, con case unha cuarta parte de toda a superficie redaccional publicada na nosa lingua. Deixando a un lado o case vinte por cento que supoñen os Especiais, os contidos en galego nas restantes seccións distribúense de xeito homoxéneo: Galicia, Comarcas e Comunicación, con case o dez por cento cada unha (10,43%, 11,96% e 9,46%), e con porcentaxes lixeiramente inferiores Local, Cultura e as contraportadas (8,28%, 7,86% e 6,47%). En cambio, Servizos, Mar e Deportes apenas publican en galego e nos días estudados as seccións de España e Mundo non o fixeron nunca.

	% MÓDULOS
OPINIÓN	23,85
ESPECIAIS	19,12
COMARCA	11,96
GALICIA	10,43
COMUNICACIÓN	9,46
LOCAL	8,28
CULTURA	7,86

CONTRAPORTADA	6,47
DEPORTES	1,25
SERVIZOS	0,76
MAR	0,56
INTERNACIONAL	0
ESPAÑA	0
SOCIEDADE	0
ECONOMÍA	0
PORTADA	0
OUTROS	0

Táboa Nº 89. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 87. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

En canto á temática, destaca sobremaneira a política (independentemente de en qué seccións sitúe o xornal este tipo de contidos). Catro de cada dez módulos de superficie redaccional que *La Opinión* publica en galego (37,55%) corresponden a noticias políticas, mentres que as de sociedade suman o 31,27%, con gran protagonismo para as de educación, que superan

por si soas o catorce por cento. Os contidos culturais aproxímanse ao vinte por cento (18,29%) e os de comunicación rozan o nove (8,9%). Non se atoparon pezas en galego sobre economía ou mar.

	% MÓDULOS
POLÍTICA	37,55
CULTURA	18,29
SOCIEDADE	17,04
EDUCACIÓN	14,19
COMUNICACIÓN	8,90
AXENDA/SERVIZO	2,64
DEPORTES	1,25
CIENCIA	0,14
ECONOMÍA	0
SAÚDE	0
MAR	0

Táboa Nº 90. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 88. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

3.9.2. PUBLICIDADE

O anunciante que máis publicidade contrata en galego en *La Opinión* é a Compañía de Radio-Televisión de Galicia, con cifras próximas ao trinta por cento do total (29,45%). Ademais da TVG, destaca a Xunta, con máis do vinte por cento dos módulos (22,26%). Os restantes organismos públicos, coma os concellos (3,42%) e outras institucións (5,94%), teñen cifras moito máis baixas. En total, a suma de todas as institucións públicas supera o sesenta por cento (61,07%).

As empresas privadas e as autopromocións repártense algo máis do catorce por cento cada unha, ficando as asociacións con menos do seis (5,61%) e os partidos políticos e as necrolóxicas con cifras máis baixas, inferiores ao tres por cento. Finalmente, as universidades non contrataron publicidade en galego neste xornal.

	% MÓDULOS
TVG	29,45
XUNTA	22,26
EMPRESAS PRIVADAS	14,27
AUTOPROMOS	14,04
OUTRAS INSTITUCIÓNS	5,94
ASOCIACIÓNS	5,71
CONCELLOS	3,42
PARTIDOS POLÍTICOS	2,74
ESQUELAS	2,17
OUTROS	0
UNIVERSIDADES	0

Táboa Nº 91. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 89. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.10. LA REGIÓN

La Región publica cada día 69 páxinas, das que case 65 están en castelán e catro en galego. Desas 69 planas, 52 corresponden á superficie redaccional (dúas páxinas en galego e cincuenta en castelán) e 17 á publicidade (tamén dúas en lingua galega e quince en castelán).

PAXINAS /DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	2,31	2,10	4,41
CASTELÁN	49,63	15,03	64,66
XORNAL	51,94	17,13	69,07

Táboa nº 92. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

O xornal ourensán é a terceira cabeceira que dedica máis espazo ao galego (o 6,4%) e reparte esa superficie de xeito homoxéneo entre informacións e publicidade. Porén, a presenza do galego na superficie publicitaria é moito máis importante que na redaccional: de cada 100 módulos de publicidade, doce están en galego (12,29%), mentres que no caso da redacción a proporción publicada na nosa lingua non pasa do catro por cento (4,45%).




Figura Nº 90. Proporción de contidos publicados en lingua galega, en proporción a cada superficie.




Figura Nº 91. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

La Región mantén por riba da media os seus niveis de galego todos os días da semana, agás os sábados, nos que practicamente a iguala. A proporción de galego é especialmente alta os domingos, nos que supera o nove e medio por cento (9,59%), máis de dous puntos por riba da media. O resto da semana segue as dinámicas xerais, con tendencia a aumentar lixeiramente de luns a mércores e a descender até o sábado. Sorprenden os datos do sábado, habitualmente dos máis altos da semana, e que este caso fican por baixo do cinco por cento (4,86%).




Figura Nº 92. Proporción media de contidos publicados en galego, por día da semana

3.10.1 REDACCIÓN

La Región dedícalle o sesenta por cento (60,09%) do espazo redaccional en galego á información, o que significa xusto o dobre do que destina á opinión, que fica no trinta (30,17%). Con proporcións moito máis baixas aparecen xa o humor, ao que lle dedica o 5,40% (unha das porcentaxes máis altas da prensa galega) e os servizos, que fican no tres por cento (3,23%). Cartas ao director e críticas están en cifras testemuñais, inferiores ao un por cento.

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	60,09
OPINIÓN	30,17
HUMOR	5,40
SERVIZOS	3,23
ENTREVISTAS	0,68
CARTAS	0,42
CRÍTICA	0

Táboa Nº 93. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 93. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

Os xéneros nos que máis se emprega proporcionalmente o galego son o humor (un de cada catro módulos) e a opinión (unha quinta parte).

INFO	ENTREV.	OPINIÓN	HUMOR	CART.	SERVIZOS	ESQUELAS	AUTOPR.
3,15%	1,61%	21,56%	24,52%	3,33%	1,06%	0,92%	26,42%

Táboa Nº 94. Proporción de galego por xéneros

A sección de Opinión, cunha cuarta parte do total publicado en galego, e Local, co vinte por cento, concentran a maioría dos contidos inseridos en lingua galega por *La Región*. Xa a certa distancia e con porcentaxes semellantes aparecen Sociedade (10,79%), Galicia (10,45%), Especiais (9,42%) e Cultura (8,94%). A proporción restante repártese entre varias seccións, con cifras pequenas: Comunicación, Comarcas, Economía, Mundo, Deportes ou Servizos. Igual que *El Progreso*, *La Región* é un caso excepcional na prensa galega, ao inserir contidos en galego nas súas portadas, aínda que sexa pouco (0,17% do total de galego, neste caso).

	% MÓDULOS
OPINIÓN	24,10
LOCAL	19,76
SOCIEDADE	10,79
GALICIA	10,45
ESPECIAIS	9,52
CULTURA	8,94
COMUNICACIÓN	4,97
COMARCA	3,40
ECONOMÍA	2,89
SERVICIOS	2,55
INTERNACIONAL	1,70
DEPORTES	0,68
PORTADA	0,17

ESPAÑA	0
MAR	0
CONTRAPORTADA	0
OUTROS	0

Táboa Nº 95. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 94. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

Os textos que *La Región* publica en lingua galega teñen unha temática moi variada, encabezada case a partes iguais pola social (28,77%), a política (25,67%) e a cultural (25,54%). A temática económica fica no seis por cento.

	% MÓDULOS
POLÍTICA	25,67
CULTURA	25,24
SOCIEDADE	13,17
SAÚDE	9,14
AXENDA/SERVIZOS	7,31
EDUCACIÓN	6,46
ECONOMÍA	6,25
COMUNICACIÓN	2,63

DEPORTES	2,38
MAR	1,74
CIENCIA	0

Táboa Nº 96. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 95. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

3.10.2 PUBLICIDADE

A publicidade contratada en galego polas institucións públicas suma pouco máis de catro de cada dez módulos contratados na nosa lingua (o 43,19%). Esta cifra, máis baixa que noutros xornais, é debida a que nos días estudados a TVG, un dos maiores anunciantes na nosa lingua, non inseriu ningún anuncio en *La Región*. Si o fixo, en cambio, a Xunta, contratando máis do vinte por cento de toda a publicidade en galego (22,65%). Os Concellos, con case o dez por cento (8,78%), sobre todo o de Ourense, e outras institucións, con case o doce (11,76%) completan a porcentaxe de publicidade con orixe pública.

La Región destaca pola alta proporción de publicidade en galego inserida por empresas privadas, que representa case o trinta por cento do total (29,28%). Tamén é considerable a presenza de autopromocións en galego, próxima ao

quince por cento (14,38%). Como se pode ver na Táboa 94, un de cada catro módulos destinados ás autopromocións do xornal van en galego.

Finalmente, as asociacións suman case o dez por cento (9,96%), mentres que o resto dos anunciantes privados (partidos políticos, necrolóxicas...) aportan proporcións moi pequenas.

	% MÓDULOS
EMPRESAS PRIVADAS	29,28
XUNTA	22,65
AUTOPROMOS	14,38
OUTRAS INSTITUCIÓNS	11,76
ASOCIACIÓNS	9,96
CONCELLOS	8,78
PARTIDOS POLÍTICOS	2,36
ESQUELAS	0,72
OUTROS	0,10
TVG	0
UNIVERSIDADES	0

Táboa Nº 97. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega




Figura Nº 96. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

3.11. LA VOZ DE GALICIA

La Voz de Galicia publica cada día unha media de 78 páxinas, das que 73 e media están en castelán e algo máis de catro en galego. Destas 78 planas, 57 corresponden á superficie redaccional e 21 á publicitaria. Na parte da redacción, dúas páxinas están en galego e 55 en castelán. En canto á publicidade, outras dúas páxinas están en lingua galega e algo máis de 18 en castelán.

PÁXINAS /DÍA	REDACCIÓN	PUBLICIDADE	TOTAL
GALEGO	2,03	2,28	4,31
CASTELÁN	55,27	18,22	73,49
XORNAL	57,3	20,5	77,8

Táboa Nº 98. Número medio de páxinas publicadas diariamente polo xornal

A presenza global de galego en *La Voz* sitúase no 5,56% das súas páxinas, o que coloca ao xornal lixeiramente por riba da media. Esta cifra non é produto dunha aposta clara do periódico por inserir contidos na nosa lingua, senón que vén dada fundamentalmente polas iniciativas publicitarias. *La Voz* é dos xornais que máis páxinas de publicidade insire e, entre elas, unha proporción significativa (11,17%) está en galego.




Figura Nº 97. Proporción de contidos publicados en lingua galega




Figura Nº 98. Tipoloxía textual dos contidos publicados en galego

Cómpre salientar que en *La Voz de Galicia*, a proporción de superficie publicada en galego descende as fins de semana (sobre todo os sábados), no entanto que a media de todos os xornais medra precisamente os dous últimos días da semana. É dicir, *La Voz* sitúase por riba da media os cinco días laborables e por debaixo na fin de semana.




Figura Nº 99. Proporción media de contidos publicados en galego, por día da semana

3.11.1 REDACCIÓN

La Voz de Galicia é o xornal galego que lle dedica ás informacións a menor proporción do seu espazo publicado en galego: só catro de cada dez módulos (43,35%) escritos na nosa lingua corresponden a pezas informativas. O

resto é ocupado polas entrevistas, que chegan ao vinte por cento (19,58%), os servizos e a opinión (máis do 14% cada un), o humor cun 5,19% e as cartas ao director cun 2,73%.

	% MÓDULOS
INFORMACIÓN	43,35
ENTREVISTAS	19,58
OPINIÓN	14,94
SERVIZOS	14,21
HUMOR	5,19
CARTAS	2,73
CRÍTICA	0

Táboa Nº 99. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 100. Publicación en galego, por xéneros, sobre o total publicado en lingua galega

Relativizando esas cifras apréciase que as pezas informativas en galego só representan o 1,89% de toda a información publicada por *La Voz de Galicia*. En cambio, a presenza da lingua galega é significativa no humor (case a metade das viñetas publicadas: 44,88%) e nas entrevistas, até o punto de que é a cabeceira que amosa unha maior presenza porcentual de conversas

reproducidas en galego (están en galego unha de cada catro, o 26,3%), o que se pode considerar como unha aposta do medio por manter a lingua na que se expresa a fonte informativa.

INFORMACIÓNS	ENTREVISTAS	OPINIÓN	HUMOR	CARTAS	SERVIZOS	ESQUELAS
1,89%	26,3%	8,99%	44,88%	12,5%	4,74%	2,55%

Táboa Nº 100. Presenza proporcional do galego por xéneros en *La Voz de Galicia*

Máis da metade dos textos que *La Voz* publica en galego están localizados en dúas seccións: Local (27,6%) e Cultura (24,45%). No resto, destaca a de Opinión, que supera o quince por cento (15,76%) e Comarcas e Servizos, que roldan o dez (10,56 e 9,56%). Comunicación supera o cinco por cento, nivel por baixo do cal quedan Sociedade, Mar e as contraportadas. Pola vertebración e a xerarquía de contidos que fai o periódico (Galicia é a primeira sección, tras o tema do día) é moi significativo que a presenza do galego na sección Galicia sexa residual (0,55%), sobre todo en contraposición con Local.

	% MÓDULOS
LOCAL	27,60
CULTURA	24,45
OPINIÓN	15,76
COMARCA	10,56
SERVIZOS	9,56
COMUNICACIÓN	7,38
SOCIEDADE	3,19
GALICIA	0,55
CONTRAPORTADA	0,55
MAR	0,41
INTERNACIONAL	0
ESPAÑA	0

ECONOMÍA	0
DEPORTES	0
PORTADA	0
OUTROS	0
ESPECIAIS	0

Táboa Nº 101. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 101. Publicación en galego, por seccións, sobre o total publicado en lingua galega

Con independencia das seccións nas que os ubique o xornal, a metade dos textos redactados en galego (47,07%) teñen temática cultural. Isto representa, por unha banda, unha aposta do xornal polo emprego da nosa lingua neste tipo de contidos, mais tamén un encadramento do galego nuns usos moi determinados, deixándoo fóra doutras temáticas. Na porcentaxe restante, ademais dunha elevada proporción de informacións de servizo, só destacan os contidos políticos e os sociais, que superan o quince por cento en ambos os casos. Tamén comunicación e economía obteñen unha porcentaxe salientable, aínda que inferior ao cinco por cento.

	% MÓDULOS
CULTURA	47,07
POLÍTICA	16,99
AXENDA/SERVIZOS	14,29
SOCIEDADE	13,32
COMUNICACIÓN	3,16
ECONOMÍA	1,92
SAÚDE	1,37
EDUCACIÓN	1,19
MAR	0,41
DEPORTES	0,27
CIENCIA	0

Táboa Nº 102. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega




Figura Nº 102. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega

3.11.2 PUBLICIDADE

Como se indicou anteriormente, a proporción de contidos en galego en *La Voz* está por riba da media debido, sobre todo, ao efecto da publicidade, que ocupa un maior espazo que no resto das cabeceiras. Curiosamente, unha

cabeceira que só insire en galego o 1,89% da información recorre a esta lingua en máis da metade do espazo que destina a autopublicitarse: 52,34%. Así pois, *La Voz* explota o uso simbólico da lingua galega, máis non o seu uso práctico. Semella coma se o xornal coruñés considerase que o galego non é válido para relatar a actualidade, mais si para vender o propio xornal.

GALEGO EN...	%
AUTOPROMOCIÓNS	52,34
HUMOR	44,88
ENTREVISTAS	26,30
CARTAS	12,50
OPINIÓN	8,99
SERVIZOS	4,74
ESQUELAS	2,55
INFORMACIÓN	1,89

Táboa Nº 103. Presenza proporcional da lingua galega por xéneros en *La Voz de Galicia*

Non é só que o 52,34% das autopromocións de *La Voz* estean en galego, senón que ese tipo de insercións ocupa tres de cada dez páxinas de publicidade en galego (29,45%) o que converte ao propio xornal no seu primeiro anunciante en galego. A publicidade en galego inserida polo conxunto das institucións públicas supera en pouco esa cantidade e chega a representar un terzo do total (33,08%). Dentro das institucións, destaca a Xunta de Galicia con case o quince por cento do total (14,78%), os concellos con case o dez (8,77%), e xa moi debaixo as universidades (menos de catro) e outras institucións (case seis).

	% MÓDULOS
AUTOPROMOS	29,87
EMPRESAS PRIVADAS	19,38

XUNTA	14,87
CONCELLOS	8,77
PARTIDOS POLÍTICOS	8,48
OUTRAS INSTITUCIÓN	5,76
ASOCIACIÓN	5,56
UNIVERSIDADES	3,68
ESQUELAS	3,47
OUTROS	0,18
TVG	0

Táboa Nº 104. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega

Tamén se aprecia neste xornal unha forte presenza da publicidade en galego con orixe nas empresas privadas, que representa dous de cada dez módulos (19,38%, con especial incidencia de Caixa Galicia), e a de partidos políticos, próxima ao dez (8,48%). Un papel menor teñen as asociacións, que non chegan ao seis (5,56%) e as necrolóxicas, que roldan o tres e medio por cento (3,47%, en concreto), unha cifra bastante alta. Cómpre salientar, finalmente, que *La Voz de Galicia* é, xunto con *La Región*, ó único xornal no que non se atopou publicidade directa da TVG.




Figura Nº 103. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega.

3.12. GALICIA HOXE

O *Galicia Hoxe* é o único periódico que publica toda a súa superficie redaccional integramente en galego. Non obstante, non sucede o mesmo coa publicidade, da que máis da metade, un 54,9% está en castelán.

Galicia Hoxe publica cada día case 54 páxinas (53,81), das que case 51 (50,63) están en galego e algo máis de tres en castelán (3,18). Da superficie total publicada, 48 páxinas corresponden á superficie redaccional, toda en galego, e menos de seis a publicidade (5,77) das que algo máis de tres páxinas (3,16) están en lingua castelá e dúas e media (2,61), en castelán.




Figura Nº 104. Porcentaxe de superficie en galego y en castelán.

EVOLUCIÓN DA SUPERFICIE PUBLICADA EN GALEGO

As oscilacións na proporción de emprego da lingua galega que se poidan atopar nas páxinas do *Galicia Hoxe* responden unicamente a variacións na carga publicitaria, pois a superficie redaccional non perde nunca o seu monolingüismo. Advírtese en todo caso unha tendencia a descender a presenza do galego nas fins de semana.




Figura Nº 105. Evolución anual da superficie en galego




Figura Nº 106. Presenza de galego por día

EVOLUCIÓN DA PUBLICIDADE EN GALEGO NO TOTAL DA SUPERFICIE PUBLICITARIA




Figura Nº 107. Porcentaxe de galego en *Galicia Hoxe* sobre o total de galego na prensa.

En todo caso a estratexia empresarial de facer un produto integramente en galego é única e pioneira na prensa contemporánea de Galicia e mantense todos os días xa que a presenza de castelán so se localiza nas insercións que son iniciativa de entidades alleas á editora do periódico.